

Sobre a raia, sobre a linde, sobre a fronteira


{ REVISTA }

José Miguel Giráldez

A TRAXECTORIA DA REVISTA, que, neste mes de setembro de 2010 alcanza o número VIII, é extraordinaria. A súa calidade, tamén. Estamos ante unha cuidadísima publicación, como xa demostrou en números anteriores que, para empezar, merecería moita máis atención da que xa ten. *Arraianos* é unha revista cultural, humana, antropolóxica, xeográfica, etnográfica, sociolóxica, o que se queira. E é unha revista emotiva. Rigorosa, pero emotiva. Busca a empatía co lector desde a primeira páxina, a pesar da diversidade dos artigos que a compoñen, o que a converte nun exemplar riquísimo, cheo de miradas, de celebración dos lugares e as cousas, de paixón polo local e o universal. A revista rezuma xusto iso: paixón pola vida, pola enerxía poderosa que brota da fronteira. Rezuma desexos profundos de conservar o que nos fixo como somos e de evolucionar para

seguir sendo, desexos profundos de saltar a ambos os dous lados do mítico espazo da raia, de explicar o contido dese espazo aos que aínda non comprenderon que a maxia sempre acontece no límite. É tempo de celebrar a periferia. Escribino nalgunha outra parte, e escriboo agora. Díxeno para Irlanda, e dígoos para nós. Como en Irlanda. É tempo de celebrar esta nova centralidade rica e construtiva que é a periferia. O interesante está nos límites. O que o futuro nos ofrece está aí, no comezo do océano, na raia que baixa acompañada da enerxía secular do Miño, a raia que une e divide, o espazo mestizo, o lugar de encontro e de separación.

Basta con ler o editorial deste número de *Arraianos*, fermosamente escrito, para comprender o significado de tan emblemático territorio. Velaquí un fragmento revelador: "Imos na procura de ese taoísmo que nos fai lembrar unha vez máis que é precisamente no límite onde sempre acontece todo o interesante. Porque para nós as fronteiras políticas nunca foron nin serán liñas divisorias trazadas sobre os mapas, senón raías,



Carlos Núñez, entrevistado neste número da revista 'Arraianos'.

espazos porosos e permeables, onde non teñen cabida as barreiras artificiais que cada día ignoran as aguias, os garraos e os lobos arraianos. As fronteiras están na terra e nos mapas, pero máis aínda na mente de que as constrúe e asu-

me como propias". O inmenso gozo que supón avanzar polas páxinas desta excelente revista iníciase, como non, con Xosé Luís Méndez Ferrín, e o seu artigo sobre "arraianos, raianos e raiotos". A partir de aí comeza un caudaloso río de sa-

bedoría e emocións que nos leva a lombos dos ríos e os montes, a reserva do Gerés-Xurés, a literatura e a fronteira, as relacións entre Galicia e Portugal, os camiños portugueses, os arraianos de todo tipo e condición, os festivais da raia, ou o camiño xacobeo Miño Ribeiro. A revista complétase con varias páxinas dedicadas á creación e á crítica e está ilustrado polo fotógrafo estremeño Antonio Covarsi. Excelente número, excelente publicación.



Arraianos VIII (Vivir na raia)
Director, Aser Álvarez, coord., Suso Díaz e Aser Álvarez,
Asociación Arraianos, Alvarellas
Editora, 2010, 291 páxs. 10 €

{ NARRATIVA }

{ RELATOS }

{ NARRATIVA }